Vde. por se pode facer maneira de insertalo en "Grial".

Moi axiña, — xa están feitas as probas — sairá ó público o primeiro libro meu de poemas, feito en intres espaciados dende os dazasete — teño trinta e tres — En canto o teña mandareillo.

E moi difícil abrirse camiño. Unha mostra mandárалla a "Galaxia"; pero contestáronme decindo que tiñan moi sobrecargados os proientos de pubricacións. E non me quedou outra saida que facelo pola miña conta

Notas miñas personales: Nacín en San Miguel de Paradela (Lugo) Estou en Barcelona dende os 6 anos. Traballo de administrativo. Estou casado. Teño un neno, vou de vacacións a Lugo — os meus sogros teñen a "Fonda Maciá", ó mellor Vde. conocea — Son un namorado de Cataluña e adoro a Galicia. Ademiro os nosos clásicos galegos e dos poetas de hoxe a Celso Emilio — na fábrica onde traballo — somos 300 — levo vendidos 70 libros de "Longa noite de pedra" o que demostra o ben que entrou na ialma do pobo.

Mais nada. Perdoe que o teña molestado tan longamente. Arelo vivamente facer algo pola nosa cultura e sentiríame feliz colaborando, inda que fora no derradeiro escano, por Galicia.

Moi atentamente mándalle un afentuoso saudo. S.S.S.

F. PENZOL

Manuel Rodríguez López
Hortal, 54
Barcelona-16

Barcelona, 12 de Maio de 1968

Sr. Dr. Ramón Piñeiro

Moi Sr. meu:

O día dez asistín á conferencia do Dr. García Sabell e un amigo díxome: "Aquil é Ramón Piñeiro".

Conocino a Vde. literariamente cando aparesceu o seu libro de traducións da poesía céltiga, de Podgorny. "Bibliófilos galegos" foi a editorial galega que conocín primeiro e mercábaos na librería "Porter" de esta cidá. Logo — son socio de "Galaxia", da que incruso teño feitos moitas ventas entre conocidos meus, e suscritor de "Grial" dende os comenzos — fun compenetrándome mais co seu testimoño a través dos seus escritos. Ó fin, conocino en persoa, inda que non lle falei porque non me estrevín a mesturarme nas suas conversas cas suas amistades.

De volta pra miña casa, ocurriuseme que podía mandarlle a miña obra de teatro, co rogo de publicala en "Grial", caso de que Vde. o coide de intrés. Eu matinaba mandala ó concurso "Castelao"; pero recibín contesta de "O Galo" na que me indicaban que iste ano non haberá tal concurso e por eso é polo que decidín mandarllo a